



RESOLUCIÓN do 5 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de participantes no programa Simula do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende durante o curso 2022/23.

A cultura emprendedora pódese entender nun sentido amplo, como unha actitude xeral que resulta útil tanto na vida cotiá como nas actividades profesionais de calquera persoa, así como tamén unha visión máis específica, dirixida á creación de empresas. O emprendemento é a capacidade de actuar sobre unha idea ou oportunidade para crear valor para outros. Un valor que pode ser cultural, social ou económico.

Para impulsar unha actitude emprendedora entre o alumnado é importante potenciar a súa propia creatividade, talento e iniciativa e facelos conscientes que son responsables do seu propio destino, así como, das grandes posibilidades de negocios que ofrece a sociedade actual. Negocios, demandas, servizos e liñas de traballo que, en moitos casos, aínda están por crear e que serán unha opción para o alumnado de cara ó seu futuro profesional.

Polo tanto, traballar e potenciar as habilidades emprendedoras do alumnado repercute positivamente no mesmo e na súa contorna, tendo unha importancia fundamental no desenvolvemento persoal e profesional da sociedade, mellorando a súa competitividade, empregabilidade e xerando riqueza.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa intención de conseguir un avance na mellora da cultura emprendedora e empregabilidade do alumnado recolle no Plan Estratéxico da Formación Profesional de Galicia 2030 o *EMPRENDEMENTO* e *A FORMACIÓN PARA A MELLORA DA EMPREGABILIDADE*, nos eixes 5 e 7 do plan, respectivamente.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, *eduemprende*, da propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no noso sistema educativo, tamén ten como obxectivo lograr un





afianzamento e avance no emprendemento do alumnado galego, así como, proporcionar os instrumentos necesarios para conseguilo.

Dentro das accións incluídas no plan **eduemprende** atópase o Programa Simula, que ten como obxecto a constitución dun negocio virtual no que a dirección e a xestión a leva a cabo o alumnado dos ciclos, que reproducen na aula a simulación das situacións reais do ámbito financeiro, administrativo, laboral, comercial,... dunha empresa.

Para dar continuidade ao traballo dos centros que viñan desenvolvendo o Programa Simula no curso 2021/22 e continuar avanzando na mellora das capacidades, sensibilización emprendedora, e na empregabilidade do alumnado,

RESOLVO:

Primeiro.

Publicar no portal de FP (<http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-simula>) a listaxe de centros participantes no programa Simula do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende durante o curso 2022/23.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Formación Profesional



Programas eduemprende: "SIMULA"

LISTADO DE PARTICIPANTES

Curso 2022/2023

Centros participantes			
Centro	Empresa	Actividade	Ciclo formativo
IES Fernando Wirtz Suárez <i>A Coruña</i>	Urban Mobility Wirtz, S.L.S. Textil Wirtz, S.L.S.	Venda de vehículos de mobilidade sustentable Comercio téxtil	CM Xestión administrativa CM Xestión administrativa
IES de Sabón <i>Arteixo</i>	Sabon Markt AKZBRAND S.L.	Compra venda de artigos Venta de accesorios	CM Xestión administrativa CS Administración e Finanzas
IES Leliadoura <i>Ribeira</i>	Comedela S.C Sálvora, S.L.	Grupo de alimentación. Produtos autóctonos de calidade Actividade comercial de produtos industriais	CM Xestión administrativa CS Administración e finanzas
IES A Pinguela <i>Monforte de Lemos</i>	Vinos Pinguela, S.L.S. A Pinguela Calidade, S.L.S.	Comercio por xunto de viños e outras bebidas alcohólicas Comercio por xunto de mobiliario de oficina	CS Administración e finanzas CM Xestión administrativa
CIFP Portovello <i>Ourense</i>	BioPorto EcoPorto Portovello Protección	Comercio por xunto de produtos ecolóxicos Comercio por xunto de produtos ecolóxicos Comercio por xunta de produtos e equipos de protección individual	CS Administración e finanzas CS Administración e finanzas CM Xestión administrativa
CPR Vivas <i>Vigo</i>	Protección Laboral Vivas, S.L.S.	Comercio polo miúdo de artigos de Protección e Riscos Laborais	CS Administración e finanzas
IES A Guía <i>Vigo</i>	Gallaecia de Distribución, S.L.S.	Distribución de produtos típicos galegos	CS Xestión de vendas e espazos comerciais
IES Ricardo Mella <i>Vigo</i>	Rimella, S.L.S.	Comercio por xunto de queixos	CS Administración e finanzas
IES de Rodeira <i>Cangas</i>	Circuitos Integrados de Rodeira(CIR) S.L.S.	Comercialización de produtos electrónicos	CS Administración e finanzas

